



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de Fin de
Máster

Análise das
desigualdades de
xénero no mercado
laboral en España

Autora: Stella González Fuentes

Titora: María del Carmen Sánchez
Carreira

Xullo 2022

Traballo Fin de Máster presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela por Stella González Fuentes como requisito para obter o título de Máster Oficial en Desenvolvemento Económico e Innovación e que foi titorizado por María del Carmen Sánchez Carreira, para a súa presentación e defensa.

Resumo

A economía feminista caracterízase por presentar unha visión máis realista do mundo social e económico e integra na súa análise unha visión sectorial de xénero. Na actualidade, a existencia de desigualdade e pobreza social e económica adquiriu unha maior relevancia social; nun contexto no que as persoas traballadoras adquiren cada vez un menor poder en termos de renda. Ademais, son as mulleres as maiores prexudicadas destas ineficiencias sociais, dado que obteñen as taxas de pobreza e risco de exclusión social máis altas. Así e todo, o mercado laboral xoga un papel determinante na consideración da pobreza e da desigualdade dado que as dinámicas que xorden no mercado de traballo contribúen a explicar as características da pobreza: un sistema laboral inequitativo implica maior desigualdade e pobreza. Neste sentido, o mercado laboral español preséntase ineficiente en termos de xénero: unhas taxas de actividade e ocupación das mulleres menores que as dos homes e un maior desemprego feminino son aspectos caracterizadores do mercado de traballo. Pola súa banda, a segregación laboral por razón de xénero implica unha división na consideración dos empregos “masculinos” e “femininos”, establecendo estes últimos como aqueles cunha menor responsabilidade e salarios máis baixos. Esta división implica unha redución constatada dos ingresos das mulleres, sendo o salario medio anual maior no caso dos homes que das mulleres. Ademais, os traballos de reprodución da forza social e dos coidados recaen de maneira sistemática sobre as mulleres, entendendo o traballo non monetizado como unha obriga na que as mulleres deben someterse en función da súa pertenza social a un colectivo socialmente construído por criterios de xénero.

O obxectivo principal deste traballo é analizar as desigualdades por razón de xénero no mercado laboral español. Este obxectivo concrétase en varios obxectivos específicos: estudar a incidencia da segregación laboral na fenda salarial, así como examinar a repercusión da persistencia da menor carga de traballo no caso das mulleres.

Este traballo segue a metodoloxía característica da economía aplicada, baseada tanto na revisión da literatura como na achega empírica. Neste sentido,

para a recollida de datos utilízanse varias enquisas do Instituto Nacional de Estatística, así como os datos ofrecidos polo Ministerio de Igualdade.

Para o caso español, nas últimas décadas aumentou a desigualdade na distribución dos ingresos, chegando a alcanzar unha situación na que os ingresos totais do 10% da poboación con ingresos máis elevados multiplica a 5,8 a renda do 10% da poboación con menor renda no ano 2020. Da análise de indicadores de desigualdade laboral (participación, representación e concentración) extráese a idea de que as mulleres se sitúan maiormente en traballos de servizos e coidados, sectores onde os salarios son máis baixos, como mostran os datos do ano 2019.

A segregación pola súa banda, segue en aumento: o Índice de Duncan alcanza un valor do 35% no ano 2021, é dicir, o 35% das mulleres deberían cambiar de ocupación para obter unha igualdade na distribución dos empregos entre homes e mulleres e conseguir que o mercado laboral seguira unha tendencia igualitaria.

Por último, o traballo non remunerado nos fogares foi interpretado tradicionalmente como unha obriga na que o suxeito debe someterse en función da súa pertenza social a un colectivo socialmente construído por criterios de xénero. Isto implica que a corresponsabilidade é unha das materias pendentes do mercado laboral español: as mulleres destinan de media 4 horas e 29 minutos aos coidados do fogar e da familia, mentres que os homes invisten de media 2 horas e 32 minutos.

Índice

1. INTRODUCCIÓN	8
2. A EXISTENCIA DE POBREZA E DESIGUALDADE NO MERCADO LABORAL ESPAÑOL	11
2.1. <i>Desigualdade e pobreza por razón de xénero no mercado laboral</i>	12
2.2. <i>O estado da pobreza por razón de xénero en España</i>	18
2.3. <i>O papel do emprego na redución da pobreza</i>	23
3. AS MULLERES NO MERCADO LABORAL	25
3.1. <i>Desigualdade por razón de xénero no mercado laboral</i>	26
3.2. <i>Segregación por razón de xénero no mercado laboral</i>	35
3.3. <i>O traballo non monetizado</i>	44
3.4. <i>Diferenza ou discriminación?</i>	51
4. CONCLUSIÓNS	53
BIBLIOGRAFÍA	55

Índice de gráficos

Gráfico 1: Evolución do Índice de Gini en España, 2008-2019 (%).....	13
Gráfico 2: Índice de Palma en España, 2020 (%).....	15
Gráfico 3: Evolución do Coeficiente S20/S80 en España, 2008-2020 (Número)	15
Gráfico 4: Evolución da proporción de mulleres no total de asalariadas con ganancia baixa en España, 2008-2019 (%)	17
Gráfico 5: Evolución da taxa de risco de pobreza por xénero en España, 2008- 2020 (%).....	19
Gráfico 6: Taxa de risco de pobreza por xénero e idade en España, 2020 (%)	20
Gráfico 7: Evolución da taxa de risco de pobreza e exclusión social por xénero en España, 2008-2020 (%).....	21
Gráfico 8: Privación Material Severa en España, 2020 (%)	22
Gráfico 9: Evolución da poboación con baixa intensidade de traballo no fogar por xénero en España, 2008-2020 (%).....	23
Gráfico 10: Evolución das taxas de actividade, desemprego e ocupación dos homes en España, 1996-2021 (%).....	27
Gráfico 11: Evolución das taxas de actividade, desemprego e ocupación das mulleres en España, 1996-2021 (%)	28
Gráfico 12: Salario medio anual por tipo de contrato de homes e mulleres en España, 2019 (Euros)	34
Gráfico 13: Salario medio anual por tipo de xornada de homes e mulleres en España, 2019 (Euros)	34
Gráfico 14: Evolución do Índice de Disimilitude, 2011-2021 desagregación por ocupacións CNO-11 (Número)	43

Índice de táboas

Táboa 1: Índices de Participación, Representación e Concentración Feminina (F) e Masculina (M) en España, 2021. Desagregación por ocupación CNO-11	30
Táboa 2: Evolución da ganancia anual media segundo grupos de ocupación principalmente feminizados en España, 2008-2019 (Euros)	33
Táboa 3: Síntese da revisión de literatura sobre segregación laboral por razón de xénero	40
Táboa 4: Síntese da revisión de literatura sobre o traballo non monetizado	47
Táboa 5: Duración Media Diaria das actividades principais, desagregación por xénero 2010 (Horas)	49
Táboa 6: Duración Media Diaria das actividades recollidas no traballo no fogar, desagregación por xénero 2010 (Horas)	50

Índice de figuras

Figura 1: Teorías explicativas da segregación laboral por razón de xénero	36
---	----

1. INTRODUCCIÓN

“A nosa época obriga a tomar partido”

-Chimamanda Ngozi, 2017

Facer unha análise desde a perspectiva de xénero significa incorporar un enfoque, un método, unha hipótese que explica a forma na que a produción, a distribución da renda, ou o consumo tiñan lugar nas economías históricas e teñen lugar nas actuais. Así, o concepto de xénero cuestiona o carácter natural das diferenzas entre homes e mulleres que apreciamos no mercado de traballo e na familia. É dicir, non se limita a constatar as diferenzas senón que afirma que estas non son naturais nin biolóxicas, senón construídas socialmente nin tampouco son neutrais, e, por tanto, esixen dunha análise histórica para entendelas así como económica para cuantificar esa desigualdade (Sarasúa e Gálvez, 2003; Carrasco et al. 2008). Isto implica que cabe ter en conta a desigual posición que teñen as mulleres e os homes na vida económica, a súa diferente capacidade de decisión e poder e a subordinación que se dá entre elas (Gálvez e Torres, 2010).

Dentro das ciencias sociais, como explican Carrasco et al. (2008), a economía posúe un poder social en dominio sobre a política. En cambio, está baixo o control hexemónico dun paradigma dominante, o neoclásico, que se presenta sen fisuras e cuns supostos que fan practicamente imposible que se poida dar resposta ás necesidades das persoas e, por tanto, ás problemáticas propostas desde a economía feminista. Deste xeito, explícase que a teoría feminista parte dun conflito económico e histórico entre homes e mulleres nas súas posicións laborais, familiares, na distribución da renda, no acceso aos recursos... (Sarasúa e Gálvez, 2003).

Neste sistema, os enfoques heterodoxos denuncian as desigualdades resultantes da economía capitalista de mercado: pobreza, desigualdades de renda, inexistencia de Estado de Benestar... mais non integran o traballo doméstico e de coidados nas súas análises, nin consideran, en consecuencia,

as desigualdades que se xeran entre homes e mulleres. (Sarasúa e Gálvez, 2003; Carrasco et al. 2008; Gálvez e Torres, 2010). Deste xeito, o discurso económico fai invisíbel a existencia de clases sociais e grupos de poboación que se ven afectados de maneira desigual.

En consecuencia, algunhas autoras como De Elena e González (2004) baséanse nos estudos de Kaelble do ano 1983 para explicar a desigualdade social como un reparto diferencial duns bens e servizos escasos (tanto materiais como inmateriais) no seo dunha sociedade ou comunidade humana. En definitiva, a igualdade ou desigualdade social existente nunha comunidade humana depende en grande medida da calidade do reparto entre todos os seus membros dun número de recursos limitados, entre os que destaca especialmente o traballo. Neste contexto, Moore (2005) destaca que a desigualdade se converteu nun feito universal nas sociedades humanas, mantendo significantes diferenzas dependendo da idade e do xénero.

Así e todo, a desigualdade social pode ser comprendida, en termos analíticos, como unha fonte de pobreza. Con esta perspectiva, autoras como Durán (2012) explican que a familia actúa como un protector ante a pobreza, cobrando maior relevancia a partir da crise do ano 2008, momento no que o papel da familia e os fogares se fixo máis importante para evitar a pobreza, onde xoga un papel crucial a solidariedade no uso do traballo non monetizado.

Por outra banda, a pesar dos avances en materia de igualdade producidos nos últimos anos, as desigualdades laborais entre homes e mulleres son un problema vixente (Cantó, et al. 2006). A literatura empírica manifesta que existen diferenzas relevantes na súa intensidade e na diferenciación de ocupacións masculinas, femininas ou integradas entre os diferentes países (Bettio, 2002; Aldaz e Eguía, 2016).

A pesar da precariedade laboral das traballadoras e traballadores existente no mercado de traballo español, existe unha clara diferenza entre homes e mulleres. A segregación laboral por razón de xénero xorde cando existe unha distribución desigual de homes e mulleres nos diferentes tipos de traballo.

Neste sentido, a discriminación salarial por xénero, entendida como a existencia dunha menor remuneración das mulleres fronte aos homes que non se xustifica en termos de produtividade, segue unha tendencia á alza.

Ademais, a tarefa principal da reprodución da forza de traballo, ou o que é o mesmo, o traballo non monetizado, tende a converterse nunha responsabilidade das mulleres de maneira sistemática.

Deste xeito, apréciase unha relación clara entre a desigualdade, a pobreza e o emprego. Por esta razón, o obxectivo principal deste traballo é o de analizar as desigualdades por razón de xénero no mercado laboral español, que se concreta en varios obxectivos específicos: estudar a incidencia da segregación laboral na fenda salarial, así como examinar a repercusión da persistencia da menor carga de traballo no caso das mulleres.

Para conseguir estes obxectivos o traballo segue unha análise típica da investigación en economía aplicada, combinando a revisión da literatura coa achega empírica. En concreto, tómanse en consideración traballos como Martínez et al. (2019) ou Scott (2021), así como datos das enquisas de Condicións de Vida, Estrutura Salarial e Emprego do Tempo realizadas polo Instituto Nacional de Estatística (INE) para o caso español no período 2008-2020. Por outra banda, utilízanse datos sobre o mercado laboral español extraídos do INE para a análise da desigualdade e segregación por razón de xénero no mercado laboral. Estas enquisas ofrecen operacións estatísticas harmonizadas polos países da Unión Europea. Outras bases de datos consultadas para a extracción de información son Eurostat e o Instituto das Mulleres de España para estudar a situación laboral e de conciliación.

Resulta relevante ter en conta este traballo para obter unha perspectiva actual das desigualdades por razón de xénero no mercado laboral e así poder elaborar políticas públicas en materia de corresponsabilidade e de acceso ao mercado laboral adecuadas ás necesidades españolas.

Este traballo estrutúrase en tres apartados: en primeiro lugar, propónse unha análise da desigualdade de xénero, onde se estudan aspectos xerais da pobreza e da desigualdade por razón de xénero, así como os factores que dan lugar a esta relación. En segundo lugar, preséntase a análise do eixo central do

estudo, que é a análise do mercado de traballo en relación á perspectiva de xénero. Este bloque constitúese principalmente por unha investigación sobre o traballo como caracterizador de pobreza, a maior ou menor autonomía experimentada polas mulleres, así como a súa participación no mercado laboral e unha síntese do emprego regrado e non regrado (coidados e coresponsabilidade). Por último, expóñense as principais conclusións que se obteñen deste traballo.

2. A EXISTENCIA DE POBREZA E DESIGUALDADE NO MERCADO LABORAL ESPAÑOL

A busca da igualdade, nun contexto de desigualdade universal, é unha reivindicación persistente (Sarrible, 1991; Castaño, 1999; Moore, 2005; Carrasco, 2008; Carrasco et al. 2019). Neste contexto aparece a economía feminista, caracterizada por formar unha visión do mundo social e económico que busca ser máis realista; outorgando unha perspectiva que integra todos os traballos necesarios para a subsistencia, o benestar e a reprodución social e sostendo como principal obxectivo as condicións de vida das persoas (Carrasco, 2008). É dicir, propónse unha visión sectorial do xénero, entendida como aquela que discute condicións de renda, pobreza e actividade laboral, entre outras, cuestionando o sistema que crea as condicións para que se produzan as desigualdades.

A continuación, ofrécese unha visión actual sobre a situación da desigualdade en España mediante a aplicación dos principais indicadores utilizados na miña análise, que son o Índice de Gini e o Índice de Palma, así como o Cociente S20/S80 e a proporción de mulleres do total de asalariadas con ganancia baixa. Ademais, analízase a evolución da pobreza desagregada por xénero e idade, así como das súas principais compoñentes. Por último, contéplase a relevancia do emprego no estudo da pobreza.

2.1. Desigualdade e pobreza por razón de xénero no mercado laboral

Na actualidade a desigualdade social e, máis en concreto, a desigualdade socioeconómica adquiriron unha maior relevancia social. Deste xeito, pasan a situarse no primeiro plano das preocupacións da poboación (Antón, 2013).

Así, a desigualdade provoca consecuencias sociais que se xeran internamente e se estenden por todas as áreas, e, en específico, á da reprodución social (Moore, 2005; Scott, 2021). Deste xeito, cabe sinalar que se desenvolven xerarquías para o funcionamento de cada función social¹, creando así novas formas de desigualdade. Porén, existen distincións que non están institucionalizadas e que, en consecuencia, non se transmiten ás seguintes xeracións. Isto implica que, segundo Moore (2005), este tipo de diferenzas non constitúan un sistema de clases sociais, aínda que as clases altas sosteñen que posúen máis calidades socialmente desexábeis que as clases inferiores.

No referido á pobreza, Pedreño (2010) destaca a relevancia de diferenciar a pobreza absoluta da pobreza relativa. A pobreza absoluta remítese a un conxunto de necesidades básicas insatisfeitas, comunmente ligadas ao concepto de subsistencia e que require identificar os recursos ou consumos mínimos necesarios para a vida humana. Pola súa banda, a pobreza relativa defínese por comparación ao estándar nunha sociedade determinada, fixando límites en función dalgunha medida representativa da distribución dos ingresos, ou dalgún indicador máis complexo das condicións de vida; no estándar europeo tende a ser o 60% da renda mediana..

A pobreza e a desigualdade social aumentan nun contexto no que a diferenza entre países e persoas ricas e pobres é cada vez maior. Antón (201) baséase na sondaxe sobre desigualdade realizada polo diario El País para explicar que a crise económica e as políticas de austeridade dominantes ampliaron as fendas sociais no conxunto das sociedades desenvolvidas e, particularmente, nos países europeos periféricos, como España.

¹ Moore (2005) distingue cinco funcións sociais: a) o goberno ou control das persoas, b) o control dos medios de violencia, c) o control do descoñecido ou imprevisible, d) a produción e distribución de bens e servizos, e e) a reprodución da orde social.


Para analizar a situación da desigualdade en España, recórrese ao cálculo do Índice de Gini (IG) e á elaboración do coeficiente S20/S80. O Índice de Gini é un indicador que mide a desigualdade na distribución da renda. Os seus valores oscilan entre 0 e 1 (medido en porcentaxe), onde 0 significa que existe unha distribución máis igualitaria e 1 implica unha elevada concentración da renda nos decís superiores de poboación e, por tanto, unha maior desigualdade. O IG formúlase da seguinte maneira:

$$IG = \left| 1 - \sum_{K=1}^{N-1} (X_{K+1} - X_K)(Y_{K+1} + Y_K) \right|$$

Onde X refírese á proporción acumulada variable da poboación e Y mide a proporción acumulada da variable ingresos.

O gráfico 1 mostra a evolución deste indicador para o caso español no período 2008-2019. Pode observarse que o IG seguiu na última década unha tendencia claramente crecente entre os anos 2008 e 2014. A pesar de non experimentar un aumento moi significativo en termos porcentuais, pois parte do 32,2% no ano 2008 e alcanza o 33,8% no ano 2019, si se aprecia unha subida considerable no conxunto dos anos 2012-2014. Isto significa que a distribución dos ingresos aumenta en desigualdade.

Gráfico 1: Evolución do Índice de Gini en España, 2008-2019 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

En termos analíticos, e tal e como explican Gálvez e Torres (2010), a crise do ano 2008 supuxo profundos procesos de reformas estruturais nos mercados de traballo, financeiro e de bens e servizos. Cambiáronse tamén as leis e normas do funcionamento e regulación en todos eles para dotar dunha maior autonomía e liberdade de acción ao capital e se privatizaron amplos ámbitos de actividade ata entón no sector público. A principal consecuencia destas transformacións foi a reversión da dinámica de peso das rendas do capital a cambio dunha perda de poder das persoas traballadoras.

O Índice de Gini presenta dúas desvantaxes principais: por unha banda, resulta extremadamente sensible ante cambios no medio; pola outra, considérase infrasensible aos extremos. Por estas razóns, considérase relevante para o estudo realizar o Índice de Palma (IP), que é un indicador de desigualdade que pon de manifesto que os cambios na desigualdade prodúcense polas variacións de ingresos ente os extremos da sociedade e que as rendas de clase media alta manteñen unha notable regularidade, é dicir, que se manteñen relativamente constantes e iguais (INE, 2021).


Desta maneira, pódese definir o Índice de Palma como a relación entre a renda agregada da poboación pertencente ao decil 10 de renda nacional e á suma das rendas correspondentes aos decís a 1 a 4. Con estas premisas, o problema da distribución equitativa deixa fóra á clase media e se reduce ao reparto da metade da renda nacional entre o 10% máis rico e o 10% máis pobre.

Para o caso español, e tal e como se amosa no gráfico 2, o decil máis rico ten o 24% da renda total, mentres que os 4 primeiros decís, é dicir, o 40% da poboación con menores ingresos ten o 20% da renda total no seu conxunto.

Pola súa banda, o Coeficiente S20/S80 defínese como o cociente entre os ingresos totais do 20% das persoas con ingresos máis elevados (percentil 80 ou quintil superior na distribución da renda) e os ingresos totais do 20% da poboación con menos ingresos (percentil 20 ou quintil inferior). Tal e como se aprecia no gráfico 3, para o ano 2020 a renda do 10% das poboación con maiores ingresos en España multiplicaba por 5,8 a renda do 10% da poboación con


menor renda. Ademais, no ano 2014 obsérvase un brusco aumento da desigualdade, que non comeza a estabilizarse ata o ano 2017.

Gráfico 2: Índice de Palma en España, 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

Gráfico 3: Evolución do Coeficiente S20/S80 en España, 2008-2020 (Número)



En relación ao descrito, dentro do sistema social actual, as mulleres afrontan desigualdades en desvantaxe dos homes, debido a unha situación inequitativa na orde de xénero², á valoración diferenciada da dimensión feminina e masculina e ás normas para o control da sexualidade e a procreación. A desigualdade que experimentan as mulleres nos distintos ámbitos da sociedade acentúa a súa pobreza (Valenzuela, 2003).

Pola súa banda, as desigualdades de xénero son construídas socialmente e exprésanse na asignación de identidades e actividades e na separación de ámbitos de acción onde se designa un diferente valor simbólico ao masculino, que ocupa unha posición preeminente sobre o feminino. Isto supón un acceso desigual ao poder e aos recursos, que determina xerarquías nas relacións sociais entre mulleres e homes (Valenzuela, 2003). Desta maneira, prodúcese unha transmisión xeración tras xeración da pobreza; feito que inflúe na aparición de novas condicións de privación ás que se ven sometidas as mulleres e as súas familias. Ou o que é o mesmo, neste contexto el ou ela sinxelamente naceron nunha posición elevada ou inferior (Moore, 2005).


Desde o punto de vista económico, segundo explican Montaña e Milosavljevic (2010), a igualdade e o empoderamento das mulleres é indispensable para o desenvolvemento. Porén, na actualidade segue presente un progreso sustentado en políticas débiles de igualdade e na persistencia de prácticas sociais discriminatorias.

Para analizar como afecta a desigualdade en España ás mulleres, faise referencia a continuación á evolución da proporción de mulleres no total de persoas asalariadas con ganancia baixa. A proporción de mulleres no total de persoas asalariadas con ganancia baixa no ano 2019 era do 63,93% (gráfico 4). No referido á súa evolución, na década analizada tan só se chega a reducir un 0,07%; así e todo, no ano 2018 alcanza o seu mínimo (62,18%). De novo,

² A orde de xénero refírese, segundo explica Valenzuela (2003), ao sistema de relacións sociais, políticas, económicas, culturais... entre mulleres e homes, que contén dimensións simbólicas, normativas e subxectivas que se utilizan para configurar as prácticas sociais dos distintos espazos da sociedade.

obsérvase un aumento considerable deste indicador nos anos da crise económica.

Gráfico 4: Evolución da proporción de mulleres no total de asalariadas con ganancia baixa en España, 2008-2019 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

En termos xerais, pódese comprender a pobreza por razón de xénero como unha consecuencia das ineficiencias e desigualdades que se experimentan no sistema entre mulleres e homes en diferentes ámbitos, e defínilla como a privación de necesidades universais para a integridade física ou psicolóxica das mulleres, entendendo a satisfacción destas necesidades como un dereito ineludible. En concreto, os ámbitos nos que se mostra unha maior desigualdade entre xéneros son o traballo remunerado (indispensable para aumentar as posibilidades de autonomía), o ámbito da toma de decisións (que indica o exercicio da súa cidadanía) e o control do seu corpo a través da saúde e a sexualidade (Montaño e Milosavljevic, 2010).

En conclusión, como explican Gálvez e Torres (2010), as desigualdades entre mulleres e homes non fan referencia a unha circunstancia conxuntural, senón que responden a unha lóxica histórica que é resultado das relacións sociais e económicas estables, da estrutura de reparto do poder, dos vínculos de dominación entre as persoas; é dicir, do sistema social no seu conxunto.

2.2. O estado da pobreza por razón de xénero en España

Canto máis ampla sexa a desigualdade, existe unha maior probabilidade de que os estratos con menores ingresos, as persoas máis pobres, reciban remuneracións insuficientes para a reprodución de quen integra estes fogares. O nivel de pobreza é indirectamente proporcional ao nivel medio de ingreso por persoa e directamente proporcional ao grao de desigualdade na distribución do ingreso.


Nas últimas décadas, España sufriu un proceso de cambio político, económico e demográfico. Parada (2016) explica que, estes cambios supuxeron un incremento da desigualdade social, que leva consigo unha redución do benestar. Especificamente, a crise económica iniciada no ano 2007 supuxo un punto de inflexión no paradigma español, iniciando unha tendencia alcista do desemprego e unha redución das rendas continuada, que se acompañou dun cambio na distribución das mesmas. De xeito engadido, a crise afectou de maneira directa ás condicións básicas do benestar das mulleres, ben como consecuencia directa da redución dos ingresos, ben como efecto do reforzamento dos valores patriarcais (Gálvez e Torres, 2010).

En España, segundo explica Ayala (2014), experimentouse na década dos noventa unha parálise na distribución da renda que se viu fortalecida nos anos da crise, dado que se combinaron caídas da produción, do consumo e do emprego. Estes cambios maniféstanse na evolución da pobreza, como se pode observar no gráfico 5.

Desde a Unión Europea (UE) propúxose a utilización dun indicador denominado AROPE polas súas siglas en inglés (*At risk of Poverty and/or Exclusion*) para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos de inclusión social propostos na Estratexia Europa 2020 e que fai referencia á porcentaxe de poboación que se atopa en risco de pobreza e/ou exclusión social.

Neste contexto, a taxa de risco de pobreza³ en España viuse, en termos xerais, incrementada ao longo do período analizado. Destaca sobre todo a tendencia desigual que segue este indicador na comparativa entre xéneros; sinalando unha redución da pobreza no caso das mulleres durante os primeiros anos da crise que pode vir explicada, como se indica no apartado 4.1 deste traballo pola caída masiva do emprego, principalmente na construción, que se considera un sector masculinizado e non na mesma medida no resto de sectores. Este feito produce un aumento da pobreza no caso dos homes, que se estabiliza cara o ano 2017 e comeza unha tendencia decrecente mentres que no caso das mulleres se mantén unha clara propensión ao aumento. As mulleres presentan un maior risco de pobreza que os homes.

Gráfico 5: Evolución da taxa de risco de pobreza por xénero en España, 2008-2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)


Ademais, a idade (ao igual que o xénero) constitúese como un eixo demográfico fundamental para analizar a incidencia da pobreza, dado que existen idades nas que o risco de pobreza é maior; é dicir, é necesario saber a que colectivos afecta máis a pobreza.

³ No cálculo realizado polo INE, o risco de pobreza defínese como o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.

No gráfico 6 represéntanse as taxas de pobreza por idade e xénero para o ano 2020. Obsérvase que a situación desfavorable en relación ao risco da pobreza das mulleres prodúcese de maneira xeral para todos os grupos de idade. Dentro desta clasificación apréciase que os grupos de idade máis desfavorecidos son as mulleres menores de 16 anos, que presentan unha taxa de pobreza do 27,7%, e as mulleres maiores de 65 anos, cunha taxa de pobreza do 20,6%. Este último grupo presenta a maior diferenciación en relación aos homes, seguido do grupo de idade de 30 a 44 anos.

Hai que ter en conta dentro desta análise que a taxa de risco de pobreza soamente sinala o impacto da desigualdade sobre a pobreza, mais non inclúe o efecto do empobrecemento xeral do país ocasionado pola recesión económica e o desemprego.

Gráfico 6: Taxa de risco de pobreza por xénero e idade en España, 2020 (%)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

Indo máis alá na análise da pobreza, cabe incorporar aos cálculos a taxa de pobreza e de exclusión social, información que se presenta no gráfico 7. O concepto de exclusión social defínese como un proceso mediante o que algunhas persoas son empurradas á marxe da sociedade e se lles impide

participar plenamente debido á súa pobreza, á falta de competencias básicas e oportunidades de aprendizaxe permanente, ou como resultado da discriminación. Neste sentido, esa situación ocorre cando as privacións se acumulan e comezan a reforzarse con outras.

No caso español, no período analizado móstrase unha clara tendencia irregular moi marcada pola situación económica do país nos distintos anos. Malia isto, o risco de pobreza e exclusión social das mulleres tende a situarse por riba da dos homes en case todos os anos, agás no sub-período 2012-2016.


Gráfico 7: Evolución da taxa de risco de pobreza e exclusión social por xénero en España, 2008-2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

Dentro do estudo da pobreza e da exclusión social, cabe engadir tamén os datos sobre a poboación con Privación Material Severa (PMS). A PMS defínese como o número de persoas ou porcentaxe das mesmas que viven en fogares que non poden permitirse catro dos nove ítems de consumos básicos definidos a nivel europeo que se mostran no gráfico 8. Aqueles aspectos que presentan unha maior grao de inaccesibilidade son, primeiro, a non capacidade para afrontar gastos imprevistos e, segundo, non poderse permitir ir de vacacións ao menos unha semana ao ano. Ámbolos dous indicadores están encabezados polas mulleres.

Gráfico 8: Privación Material Severa en España, 2020 (%)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE (2022)

Por último, neste apartado analízase outra compoñente do risco de pobreza e exclusión social: a poboación sen emprego ou con baixa calidade do emprego (gráfico 9). Este indicador mide o número de persoas (ou a porcentaxe das mesmas) de 0 a 59 anos que reside en fogares nos que as persoas adultas en idade de traballar (18-59 anos) empregaron menos do 20% do seu potencial de traballo durante o ano anterior á data da entrevista.

Para o seu cálculo tense en consideración o número de meses nos que as persoas que habitan o fogar estiveron traballando durante o ano de referencia e, o total de meses nos que teoricamente esas mesmas persoas poderían ter estado traballando; calcúlase a ratio e se determina se é inferior ao 20%.

Gráfico 9: Evolución da poboación con baixa intensidade de traballo no fogar por xénero en España, 2008-2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE (2022)

Do gráfico 9 extráese unha tendencia clara. Ata o ano 2014 obsérvase unha propensión ao aumento da porcentaxe de poboación que reside en fogares con baixa intensidade de traballo (onde destaca tamén unha maior incidencia para o caso das mulleres), ata chegar a case igualarse ambos xéneros nun 17%. A partir desta data experimentábase o efecto contrario, ata situarse no ano 2020 no 9,7% no caso dos homes e no 10,1% no caso das mulleres.

Con todo, conclúese a importante relación existente entre a desigualdade e a pobreza nun contexto no que a pobreza se sitúa en España no ano 2020 no 21,7% no caso das mulleres. De xeito engadido, un acceso desigual aos recursos e oportunidades tamén xera pobreza, e esta última alimenta as ineficiencias dun Estado onde a taxa de risco de exclusión social no caso das mulleres sitúase próximo ao 30% no ano 2020.

2.3. O papel do emprego na redución da pobreza

Facer unha análise da pobreza desde unha dimensión de xénero implica partir do suposto de que é unha variable que opera en distintos niveis, nos que se producen e reproducen relacións sociais e se xeran mecanismos de transmisión xeracional da pobreza (Valenzuela, 2003). A posición das mulleres

está influída, a nivel social, polos patróns de discriminación e desigualdade na súa contra no mercado de traballo e nos espazos políticos.

Tanto é así, que as dinámicas que xorden no mercado de traballo están ligadas á pobreza e contribúen a explicar a intensidade e as características que adopta, así como as razóns polas que tende a concentrarse en determinados grupos (Gutiérrez e García, 2010; Durán, 2012; Carrasco et al. 2019; Scott, 2021). No sistema capitalista actual, as relacións de traballo non son equitativas; a explotación e a opresión son considerados como principais causas de desigualdade, dado que dentro do sistema de produción e distribución danse importantes formas de coordinación, sendo a produción e distribución de bens e servizos eixos da desigualdade (Moore, 2005; Scott, 2021).

No caso das mulleres, segundo Montaña e Milosavljevic (2010) e Parada (2016), as iniquidades e discriminacións que prevalecen no mundo do traballo acostuman a vincularse ás dificultades para harmonizar as obrigas reprodutivas e produtivas. Os vínculos entre a división do traballo por razón de xénero e a sobre-representación das mulleres nos sectores de pobreza son claros (OPS, 2008). En primeiro lugar, a responsabilidade principal dos coidados e o mantemento do fogar recae case en exclusiva sobre as mulleres, feito que limita o seu tempo e oportunidades para participar no mercado laboral remunerado e acceder a beneficios económicos e de protección social ligados ao mesmo. E, en segundo lugar, o traballo considerado como feminino está menos valorado desde os ámbitos sociais e económicos, posto que este tipo de traballos obteñen un menor prestixio e remuneración (Durán 2012, Scott, 2021).

Ante esta tesitura, a resposta que se debe abordar desde a sociedade e as administracións públicas ten que cuestionar o establecemento do construto social que asigna propiedades desiguais a mulleres e homes e que establece que as mulleres son mellores amas de casa e que os homes deben proporcionar os ingresos (Gálvez e Torres, 2010); e, neste propósito, conseguir a autonomía económica das mulleres é fundamental.

Desta maneira, o traballo debe considerarse como un aspecto chave na redución da pobreza. Porén, na actualidade a permanencia das mulleres no mercado laboral caracterízase por concentrarse nos empregos máis precarios e sen protección social, que son aqueles que parecen máis susceptibles de

combinar con responsabilidades familiares que, en termos xerais, non son compartidas polos homes (Montaño e Milosavljevic , 2010).

A desigualdade social en España segue en aumento nos últimos anos: A desigual distribución dos ingresos da poboación alcanza o 33,8% no ano 2019, sendo a situación de partida do 32,2% no ano 2008 (ECV, INE, 2022). Para o ano 2020 a renda do 10% da poboación con maiores ingresos multiplicaba por 5,8 a renda do 10% da poboación con menores ingresos (ECV, INE, 2022).

Pola súa banda, as mulleres con ganancia baixa en relación ao número total de persoas asalariadas alcanza un valor do 69,93% no ano 2019 (ECV, INE, 2022).

No referido á pobreza, no caso español, móstrase unha clara tendencia irregular moi marcada pola situación económica do país para os anos 2008-2020. O risco de pobreza das mulleres sitúase no ano 2020 no 21,7%, mentres que a dos homes alcanza un valor do 20,0% (ECV, INE, 2022). Ademais, o risco de pobreza e exclusión social das mulleres tende a situarse por riba da dos homes en case todos os anos, agás no sub-período 2012-2016.

Por esta razón e, entendendo que a desigualdade e a pobreza se relacionan de maneira bidireccional e se ven potencialmente influídas polas posibilidades do acceso ao mercado de traballo, o seguinte apartado deste traballo dedícase á análise da pobreza no entorno laboral. Para realizar esta avaliación faise referencia á participación das mulleres no mercado laboral nun contexto onde se xustifica en termos de eficiencia que prevaleza sobre elas o emprego non regrado e, ademais, onde se ven afectadas polo fenómeno da segregación laboral.

3. AS MULLERES NO MERCADO LABORAL

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada en 1948 na Asemblea Xeral das Nacións Unidas establece no artigo 23 o seguinte:

(1) Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre escolla do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o

desemprego. (2) Toda persoa ten dereito, sen discriminación algunha, a igual salario por igual traballo. (3) Toda persoa que traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria que lle garanta, así como á súa familia, unha existencia conforme á dignidade humana e que será completada, en caso necesario, por outros medios de protección social.

O mercado laboral pode ser comprendido como o eixo que sustenta as desigualdades sociais por razón de xénero, dado que está intimamente ligado cos ingresos e coas posibilidades de promoción social.

Este apartado divídese en tres epígrafes que permitan analizar a estrutura laboral actual. En primeiro lugar, achéganse os termos desigualdade e discriminación ao estudo do mercado laboral español. En segundo lugar, faise referencia á segregación laboral por razón de xénero como factor determinante na consideración inequitativa de homes e mulleres. Por último, unha análise do traballo non remunerado, considerado como un elemento relevante na reprodución da forza de traballo.

3.1. Desigualdade por razón de xénero no mercado laboral

A existencia dunha menor remuneración das mulleres fronte aos homes é unha regularidade empírica onde parte destas diferenzas non se xustifican en termos de produtividade, provocando o que se coñece como discriminación salarial por xénero (Duncan, 1955; Martínez, 1995; Alonso e Del Río, 2007; Martínez et al., 2019).

A desigualdade social relaciónase de maneira directa e inseparable con outros modos de desigualdade como a económica, salarial ou política. Así, constitúese unha rede de influencia e interacción entre os factores sociais, económicos e políticos individuais ou colectivos que configuran situacións de igualdade ou desigualdade (De Elena, 2004).


De Elena (2004) explica que a partir da Segunda Revolución Industrial e o incipiente capitalismo financeiro, comezan a se perfilar as primeiras características do mercado laboral actual: existencia dunha clara diferenza de poder e riqueza entre o patrón e o obreiro, apoiada no sistema de traballo

desigual entre as persoas asalariadas que crea o patrón; así como as vantaxes para os homes fronte ás mulleres, para os mozos fronte á idade avanzada...

Durante as últimas décadas, un dos cambios máis relevantes experimentado polo mercado laboral español foi a incorporación das mulleres á actividade remunerada, así como á vida política, económica e social (Cebrián e Moreno, 2008). A pesar de que se produciu un cambio no paradigma dentro das ineficiencias do mercado laboral mediante a redución das disparidades entre homes e mulleres (Blau e Khan, 2000), a redución da fenda de xénero produciuse nun entorno de aumento da desigualdade salarial.

Para estudar cal é a situación dos homes e mulleres no mercado laboral resulta relevante analizar a evolución das taxas de ocupación, actividade e desemprego no período 1996-2021. A evolución da taxa de actividade dos homes caracterízase por seguir unha tendencia crecente ata o ano 2006, momento no que alcanza un valor do 69,2%, como se amosa no gráfico 10. A partir deste momento esta taxa redúcese, alcanzando no ano 2021 o 63,6%. No referido á taxa de desemprego masculina, non supera o 21% durante todo o período analizado (dato que se alcanza no ano 2011, despois dese ano comeza de novo unha tendencia crecente).

Gráfico 10: Evolución das taxas de actividade, desemprego e ocupación dos homes en España, 1996-2021 (%)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

Por último, cabe sinalar que a taxa de ocupación dos homes segue unha tendencia semellante á primeira taxa analizada ata o ano 2006. Porén, a partir deste mesmo ano experimentábase unha caída que alcanza o valor de 53,2% no ano 2016 e que unicamente se recupera a partir deste momento.

Para facer unha comparativa, o gráfico 11 mostra a evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego das mulleres no mesmo período. A simple vista obsérvase unha clara diferenciación no patrón de conducta destas taxas para o caso das mulleres.

Gráfico 11: Evolución das taxas de actividade, desemprego e ocupación das mulleres en España, 1996-2021 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

En primeiro lugar, a taxa de actividade das mulleres preséntase máis dun 10% máis baixa en comparación coa dos homes en todo o período analizado. Como feito máis destacable cabe sinalar a redución da diferenciación entre as taxas nos últimos anos, finalizando no ano 2021; momento no que as taxas representan o punto máis baixo no caso dos homes (63,59%) e o punto máis alto para as mulleres (53,83%). En segundo lugar, a taxa de desemprego das mulleres mantense claramente máis elevada que a dos homes en todos os anos analizados a excepción do ano 2011, onde se aproximan ambas taxas cun valor

do 20,92% e 20,64% para mulleres e homes, respectivamente. Finalmente, a taxa de ocupación das mulleres segue unha tendencia crecente desde o ano 1996 ata a actualidade, decrecendo unicamente nos anos da crise económica e de xeito máis suave á caída na taxa de ocupación experimentada no caso dos homes.

A causa principal desta diferenciación na caída de taxa do emprego durante os anos da crise entre xéneros débese á inicial destrución do emprego na construción. Este sector caracterízase (como se analizará máis adiante no apartado 4.1.), por ser una ocupación fortemente masculinizada, é dicir, con moi baixa presenza de mulleres.

En definitiva, o incremento das mulleres como núcleo activo do mercado de traballo mostra unha persistente tendencia ascendente a pesar das recesións económicas. En cambio, a poboación activa masculina só aumenta lixeiramente ao longo do período analizado (Cebrián e Moreno, 2008). Ademais, este aumento da participación das mulleres no mercado laboral viuse acompañado dun maior investimento en capital humano: a medida que aumenta a cualificación das mulleres estímase unha maior presenza no mercado de traballo. Constátase a incorporación ao traballo como a opción máis rendible en relación ao investimento realizado previamente; quedar no fogar supón un alto custo de oportunidade. De xeito engadido, desta análise obtense a idea de que nos períodos caracterizados por un forte crecemento económico, tende a aumentar o diferencial de desemprego entre homes e mulleres.

En relación ao descrito, aparece un paradoxo que pon en consideración que as mulleres tenden a ser localizadas en ocupacións e industrias con salarios máis baixos, nun contexto de aumento das recompensas e primas salariais naquelas industrias caracterizadas por unha maior presenza masculina (Blau e Khan, 2000). Neste sistema de interaccións, o emprego, as condicións de traballo e as relacións laborais asumen un papel transcendental, chegando a desempeñar funcións de moderación ou mediación nas situacións de desigualdade social (De Elena, 2004).

Para medir a desigualdade entre xéneros no mercado laboral é imprescindible estudar a situación dos Indicadores de Participación (IP)⁴, Representación (IR)⁵ e Concentración (IC)⁶, que se recollen na táboa 1. Extráese unha conclusión inmediata: os homes e as mulleres tenden a presentar diferentes niveis de participación, representación e concentración segundo a categoría do emprego. Como primeiro apunte, destaca que o 54% das persoas ocupadas no segundo trimestre do ano 2021 son homes. Se se analiza máis polo miúdo o Índice de Participación apréciase unha clara diferenciación entre homes e mulleres.

Táboa 1: Índices de Participación, Representación e Concentración Feminina (F) e Masculina (M) en España, 2021. Desagregación por ocupación CNO-11

Clasificación das ocupacións	PiM	PiF	RiM	RiF	CiM	CiF
1 Directores/as e xerentes/as	67%	33%	1,24	0,72	0,05	0,03
2 Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais	42%	58%	0,79	1,25	0,15	0,24
3 Técnicos/as; profesionais de apoio	61%	39%	1,13	0,84	0,13	0,10
4 Empregados/as contables, administrativos/as	31%	69%	0,58	1,49	0,06	0,15
5 Traballadores/as en servizos de restauración, persoais, protección e vendas	40%	60%	0,74	1,31	0,15	0,27
6 Traballadores/as cualificados/as no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	80%	20%	1,49	0,43	0,03	0,01
7 Artesanía, industria manufactureira e construción	93%	7%	1,73	0,15	0,19	0,02
8 Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as	86%	14%	1,60	0,30	0,12	0,02
9 Ocupacións elementais	43%	57%	0,79	1,24	0,10	0,15
0 Ocupacións militares	89%	11%	1,65	0,24	0,01	0,00
Total	54%	46%	1	1	100%	100%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

A principal desigualdade en participación obtense no grupo 7 (Artesanía, industria manufactureira e construción), onde o 93% das persoas ocupadas son homes. De xeito engadido, destacan pola mesma razón o grupo 0 (Operacións

$$^4 IP \text{ feminina (IPF)} = \frac{Fi}{Ti} \times 100$$

$$^5 IR \text{ feminina (IRF)} = \frac{\%Fi}{\%F}$$

$$^6 IC \text{ feminina (ICF)} = \frac{Fi}{F}$$

militares) e o grupo 8 (Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as). Porén, a participación feminina resalta nos grupos de ocupación 5 (Traballadores/as en servizos de restauración, persoais, protección e vendas), así como no grupo 2 (Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais), e destaca especialmente no grupo 4 (Empregados/as contables administrativos/as), onde se alcanza un valor do 69%.

En segundo lugar, no referido ao indicador de Representación é importante diferenciar o seguinte: aqueles grupos de ocupación que presenten un valor maior a 1,25 para os homes ou as mulleres enténdense como sectores masculinizados ou feminizados, respectivamente. Tendo en conta esta consideración, non é de estranar que aqueles sectores nos que as mulleres presentan unha maior participación, sexan os mesmos nos que se experimenta un maior grao de representación. Analizando os datos recollidos na táboa 1 obsérvase o seguinte:

- Os sectores feminizados relaciónanse cos grupos 4 (Empregados/as contables administrativos/as) e 5 (Traballadores/as en servizos de restauración, persoais, protección e vendas) de ocupación.
- Pola súa banda, os sectores masculinizados refírense aos grupos 6 (Traballadores/as cualificados/as no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro), 8 (Operadores/as de instalacións e maquinaria e montadores/as), 0 (Ocupacións militares) e, como valor máis destacable, o grupo 7 (Artesanía, industria manufactureira e construción), cun valor alcanzado de 1,73.
- O resto de grupos de ocupacións analizados presentan un Índice de Representación maior no caso dos homes que nas mulleres, como é o caso do grupo 1 (Directores/as e xerentes/as) que presenta un valor do 1,24 no caso dos homes e do 0,72 no caso das mulleres; ou o grupo 3 (Técnicos/as profesionais de apoio) cun valor do 1,13 e do 0,72, respectivamente. Pola contra, as mulleres tenden a verse máis representadas no grupo 9 (Ocupacións elementais).

Por último, o Índice de Concentración pon en valor que existe unha segmentación dos sectores laborais, onde persiste a tendencia a unir ás mulleres

ao sector servizos e de coidados principalmente, mentres os homes o fan en maior medida no sector secundario.

Neste contexto, a precariedade nas condicións laborais e do emprego para unha grande parte de traballadores e traballadoras é un aspecto característico do mercado laboral. A pesar dos avances, a desigualdade social segue relacionándose ao mercado laboral. Trátase dunha nova combinación de antigas formas de precariedade con outras novas, como a inseguridade, escaseza, a dicotomía emprego-desemprego... (De Elena, 2004).

Outro aspecto fundamental a analizar no ámbito da desigualdade laboral relaciónase coa ganancia media anual por traballador e traballadora, así como ao salario medio anual que obteñen as persoas empregadas. Seguindo esta liña, a táboa 2 representa a ganancia media anual de homes e mulleres nas dúas ocupacións que resultaron principalmente feminizadas: grupos 4 (Empregados/as contables administrativos/as) e 5 (Traballadores/as en servizos de restauración, persoais, protección e vendas) de ocupación.

Tal e como se amosa na táboa 2, a ganancia media anual obtida polas mulleres naqueles sectores nos que presentan un maior grao de participación e representación é menor á dos homes para todos os anos analizados. Máis en concreto, o diferencial nos salarios para o primeiro grupo de ocupación pasa de ser de 4.448,85€ no ano 2008 a 3.627,30€ no ano 2019. Pola súa banda, o segundo dos grupos analizados segue unha tendencia á redución menor que o primeiro: pasa dun valor de 3.519,95€ no ano 2008 a ser de 3.172,85€ no último ano analizado. Ademais, este diferencial aumenta nos grupos de idade de menos de 20 anos e de 65 e máis anos (EES, INE, 2022). Como resultado obtense que as mulleres obteñen de media un salario bruto de case un 20% inferior que o dos homes⁷.

Agora ben, Cebrián e Moreno (2008) explican que estes resultados enténdense mellor se se acompañan dun estudo do salario medio anual entre homes e mulleres por tipo de contrato e tipo de xornada de traballo, dado que se poden ver claramente condicionados polo peso das mulleres nos empregos de

⁷ A fenda salarial calcúlase como a diferenza entre 100 e o cociente entre o salario medio bruto da muller e do home.

menor remuneración e con xornadas máis curtas. Tanto é así, que o 75% das persoas que traballan a tempo parcial son mulleres, segundo datos do INE (2022).


Táboa 2: Evolución da ganancia anual media segundo grupos de ocupación principalmente feminizados en España, 2008-2019 (Euros)

Grupo de ocupación	4 Empleados/as contables, administrativos/as		5 Trabajadores/as en servicios de restauración, persoais, protección e vendas	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2008	20.176,50	15.727,65	16.589,59	13.069,64
2009	20.732,89	16.042,02	17.033,97	13.284,42
2010	20.875,05	16.712,80	17.107,22	13.425,04
2011	20.979,41	16.868,46	16.530,45	13.461,54
2012	20.931,48	16.573,43	16.602,40	13.209,83
2013	21.069,99	16.620,05	16.761,03	13.397,52
2014	21.761,91	17.252,39	16.633,36	13.249,91
2015	21.464,84	17.171,28	16.782,40	13.452,44
2016	21.272,65	16.928,51	16.260,68	13.613,26
2017	22.049,89	17.090,99	16.825,86	14.142,93
2018	22.149,69	18.137,76	17.962,51	14.238,51
2019	22.437,50	18.810,20	18.154,80	14.981,95

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EES, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

O gráfico 12 permite observar que a principal diferenza de salario medio anual sitúase no tipo de contrato de duración indefinida, onde se recolle para o ano 2019 en España un diferencial de 6.411,11€ entre homes e mulleres. Ao mesmo tempo, aqueles contratos de duración determinada presentan un diferencial de 1.328,72€. De xeito engadido, destaca que o salario medio anual total para os contratos de duración indefinida no ano 2019 foi de 26.459,42€, mentres que para aqueles de duración determinada alcanzaba nese mesmo ano un valor de 17.931,77€, sendo este tipo de contrato onde tenden a ser categorizadas as mulleres.


Gráfico 12: Salario medio anual por tipo de contrato de homes e mulleres en España, 2019 (Euros)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EES, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

No referido ao salario medio anual de homes e mulleres por tipo de xornada (gráfico 13), obtense de novo unha diferenza clara na retribución. O diferencial de salarios alcanza un valor de 2.561,87€ para os contratos a tempo completo e 1.529,26€ nos de tempo parcial. Tal e como se expresa anteriormente, un primeiro factor evidente ao comparar a fenda salarial é que a xornada media das mulleres é inferior á dos homes e ademais se caracterizan por ser empregadas mediante contratos de duración determinada. Nin a continuidade nin a intensidade da dedicación ao traballo son iguais para homes e mulleres.

Gráfico 13: Salario medio anual por tipo de xornada de homes e mulleres en España, 2019 (Euros)



Por outra banda, non hai que esquecer a existencia da segregación sectorial e ocupacional producida pola concentración do emprego das mulleres en sectores e empregos con salarios máis baixos. Por esta razón, no seguinte apartado analízase a segregación laboral por razón de xénero.

3.2. Segregación por razón de xénero no mercado laboral

A segregación por xénero no mercado laboral xorde cando existe unha división na distribución do emprego masculino e feminino entre as diferentes ocupacións respecto da participación destes dous colectivos no emprego total (Aldaz e Eguía, 2016).

Existen dous tipos de segregación por xénero no emprego: segregación horizontal e vertical. A segregación horizontal defínese como a desigualdade na composición por xénero nas ocupacións, dando lugar a sectores feminizados e masculinizados. Pola súa banda, a segregación vertical pódese definir como a discriminación cara un colectivo que por razón de xénero non alcanza a ocupar postos máis altos.

No caso español, a segregación no emprego caracterízase por unha feminización dos sectores con menores salarios e/ou que facilitan a conciliación familiar, por unha presenza menor das mulleres nos postos de alta representación e por unhas peores condicións laborais e salariais para as mulleres (Alonso e Del Río, 2017). Estas características enmárcanse nun sistema que dificulta o acceso das mulleres ao mercado laboral que está moi ligado ás políticas laborais.

Existen diferentes teorías que axudan a explicar a segregación laboral por razón de xénero que se poden agrupar na corrente neoclásica, os postulados da segmentación laboral e as teorías feministas. A figura 1 sintetiza as teorías que se inclúen en cada un deses tres grupos.

Figura 1: Teorías explicativas da segregación laboral por razón de xénero



Fonte: Elaboración propia

Comezando pola corrente neoclásica, destaca a teoría do capital humano exposta por Becker (1957). Esta teoría parte de que a asignación dos salarios está ligada aos niveis de produtividade que presentan as traballadoras e traballadores, entendendo o ser humano como un factor fundamental no desenvolvemento produtivo. Neste sentido, un mercado laboral competitivo debería garantir que o salario se correspondese co valor do produto marxinal da persoa traballadora. Así, a segregación fundamentaríase na diversidade de habilidades e coñecementos necesarios para a realización dun traballo que incorpora a persoa empregada. A suposición principal parte da idea de que as mulleres xeran un capital humano diferente en relación ás súas decisións formativas previas; é dicir, céntrase no suposto de que as mulleres presentan unha preferencia cara formacións do ámbito social, mentres que os homes optan polos estudos científicos (Alonso e Del Río, 2007).

Así e todo, o aumento na incorporación das mulleres á experiencia laboral, así como a súa cualificación non permiten garantir de xeito realista que a persistencia das diferenzas salariais por razón de xénero se expliquen en base a unha diferenza na formación de homes e mulleres. En conclusión, as

evidencias recentes ante os avances formativos das mulleres, perden peso as argumentacións sobre a teoría do capital humano.

En segundo lugar dentro do pensamento neoclásico atópase a teoría das diferenzas compensatorias, baseada nas ideas expostas por Adam Smith (1776) na obra Riqueza das Nacións. Esta teoría liga a fenda salarial ao pago que se pode ofertar para retribuír certos aspectos negativos das ocupacións. Desta maneira, arguméntase unha remuneración adicional como compensación a aquelas persoas que aceptan traballos máis desagradables, con maiores riscos de accidentes laborais ou máis monótonos. Neste contexto, Katzkowicz e Querejeta (2013) explican que na medida en que as mulleres prefiran condicións de traballo máis flexibles e menos arriscadas, tenderán a localizarse en ocupacións que se entenden como “femininas”, con menores salarios monetarios.

Continuando coa economía neoclásica, cabe sinalar a teoría da discriminación estatística de Phelps (1972). Esta teoría reflicte como as persoas empregadoras toman decisións en función das características propias do grupo ao que pertencen os traballadores e traballadoras e non en función das súas características persoais. Deste xeito, baséase en ofrecer para aquelas persoas discriminadas un salario medio menor.

Finalizando con esta corrente, propónse un mecanismo de discriminación diferente: a teoría dos prexuízos cognitivos de Reskin (2000). Esta teoría baséase na forma que ten o cerebro de procesar a información, comprendendo o xénero como unha característica importante a ter en conta na forma de categorizar a información que teñen as persoas. Baseándose nesta idea, Tomaskovic-Devey e Stainback (2007) diferencian tres prexuízos cognitivos: estereotipos, atribución de erros e prexuízo de grupo dominante. En definitiva, conclúen que as mulleres occidentais están estereotipadas nunha maior preocupación polos coidados, nun contexto onde as mulleres tenden a non ignorar os erros cometidos pola súa posición como grupo “non favorecido”. Por último, as persoas que demandan emprego tenden a optar por contratar a persoas do seu mesmo grupo.

Por outra banda, atópanse os postulados da segmentación laboral. Estas teorías inclúen un conxunto de enfoques que aparecen a finais da década de 1960 e están impulsados polo descontento cara a explicación neoclásica do mercado de traballo. En primeiro lugar, destaca a teoría do mercado dual. Este estudo implica unha división do mercado de traballo nun sector primario e un sector secundario. O sector primario caracterízase porque contén postos de traballo con salarios máis elevados, mellores condicións laborais, posibilidades de promoción e unha alta estabilidade. En cambio, o sector secundario está formado por traballos que se caracterizan por ter salarios máis baixos, peores condicións de traballo e poucas posibilidades de promoción, así como por unha grande inestabilidade de emprego e moita rotación da poboación traballadora. A este respecto, Anker (1997) explica que a natureza dos empregos do mercado primario prevé unha baixa proporción de mulleres nel posto que as ocupacións primarias son máis estables. Por esta razón, as empresas contratan man de obra masculina buscando un menor número de interrupcións durante a vida profesional e unha maior experiencia, por tanto, desprazando así a man de obra feminina cara ao mercado secundario, formado por traballos de peor calidade (Martínez et al., 2019).

A teoría económica explica a segregación ocupacional por razón de xénero utilizando factores de oferta e demanda. Por un lado, seguindo a liña que se refire aos factores de oferta, as mulleres tenden a orientarse cara postos de traballo compatibles coas tarefas domésticas ou o coidado das crianzas (Cano, 2017), de maneira que esta escolla por obriga orixínase a causa dunha “discriminación social” no reparto das responsabilidades familiares. Pola súa banda, os factores de demanda maniféstanse na frecuencia na que as empresas optan por contratar ao colectivo feminino en determinadas tarefas e ao masculino noutras, o que se entende como a teoría da segmentación (Becker, 1957; Blau, Ferber e Winkler, 2014). Dito doutra forma, preséntanse prexuízos á hora de contratar a mulleres, entendendo a que incorrerían nun custo a non ser que paguen salarios máis reducidos (Martínez et al., 2019).

Sen saír dos postulados da segmentación laboral, atópase o modelo de amontoamento de Bergmann (1989). Esta teoría busca demostrar que a segregación laboral aparece como consecuencia da fenda de xénero. Como resultado, dáse unha suposición que expresa que, cunha mobilidade limitada entre ocupacións, naqueles postos nos que hai unha maior concentración de mulleres e unha demanda relativamente baixa de man de obra, os salarios sexan menores.

Por último, neste grupo de teorías atópase a teoría da economía da identidade de Akerlof e Kranton (2000). Para a súa explicación pártese dun modelo estándar onde as capacidades e habilidades se distribúen de xeito igualitario entre homes e mulleres, de maneira que cada xénero leva asociado unhas normas sociais que se expresan nunhas tarefas ou ocupacións determinadas que forman parte das funcións de utilidade das persoas. Isto implica que para algunhas persoas non cumprir a norma social pode significar non-útil en termos de identidade.

No referido ás teorías feministas, estas consideran que a situación de desvantaxe que sofre unha muller no ámbito laboral é o resultado do papel secundario que se lle outorga na sociedade e na familia (Tobío, 2012). A tendencia sistemática de asignar ás mulleres as labores de coidados e o non avance real en materia de responsabilidade causan que o colectivo das mulleres acumule unha menor formación e experiencia (Martínez et al., 2019). Esta corrente incide na importancia dos factores culturais e sociais para colocar á muller en desvantaxe no mercado laboral dado que as ocupacións “femininas” plasman no mercado de traballo estereotipos comúns e dominantes na sociedade sobre as mulleres e as súas presuntas aptitudes (Anker, 1997).

Na actualidade, hai un grande número de autoras e autores que están levando a cabo estudos da segregación. Na elaboración deste traballo destácanse as que se recollen na táboa 3.

Táboa 3: Síntese da revisión de literatura sobre segregación laboral por razón de xénero

Autoría	Ano	Ámbito espacial e temporal	Metodoloxía	Resultados
Amarante, Verónica; Hawthorn, Alma	2001	Uruguay (1986-1999)	Índice de Karmel e Maclachlan (IKM) Índice de Duncan (ID)	ID=0,56 e IKM=0,26 A división por razón de xénero no mercado laboral como factor de exclusión cara as mulleres Persistencia de iniquidade nos ingresos
Bettio, Francesca	2002	Europa (1995-2000)	Índice de Duncan (ID) Índice de correlación de Pearson	Existencia dunha desigual participación entre homes e mulleres no emprego Diferencias notorias entre países Segregación laboral como factor principal da discriminación salarial
Katzwowitz, Sharon; Querejeta, Martina	2013	Uruguay (2001-2011)	Índice de Duncan (ID) Índice de descomposición Oaxaca-Blinder	Aumento das ocupacións feminizadas e masculinizadas Participación nas ocupacións menos equitativa Segregación laboral por razón de xénero en aumento
Aldaz, Leire; Eguía, Begoña	2016	España y País Vasco (2002-2014)	Índice de Karmel e Maclachlan (IKM) Estudo bidimensional das curvas de segregación local e a segregación global	Incremento da segregación por razón de xénero. Falta de homoxeneidade entre homes e mulleres IKM do 0,21 Forte desigualdade na estrutura ocupacional por xénero
Alonso, Olga; Del Río, Coral	2017	España (2006-2016)	Índice de Duncan (ID) Curva de segregación local	Persistencia da segregación laboral por razón de xénero Mercado laboral segmentado e xerarquizado: precariedade laboral nun contexto de sectores feminizados
Martínez et al.	2019	España (2002-2017)	Índice de Duncan (ID) Índice de Karmel e Maclachlan (IKM)	ID=0,35 e IKM=0,174 Participación feminina no mercado laboral crecente Segregación laboral española superior á europea e gran variación territorial

Fonte: Elaboración propia

Desde un punto de vista empírico, todo parece indicar que a escolla se realiza atendendo a un criterio de facilidade na conciliación familiar posto que as responsabilidades no fogar continúan a recaer de forma importante nas mulleres, renunciando en ocasións ás posibilidades de promoción. Nesta escolla, hai que ter en conta o efecto da cultura, os estereotipos e os roles de xénero nunha sociedade que perpetúa un modelo cun insuficiente nivel de corresponsabilidade.

Non obstante, os enfoques que explican as diferenzas por xénero como resultado dunha menor produtividade das mulleres deixan entrever que a competencia dos mercados non é suficiente para eliminar a segregación ocupacional e que o problema tamén se sitúa nas normas sociais que, con independencia das habilidades individuais, estipulan as actividades destinadas a mulleres e a homes. Moitos dos argumentos económicos da corrente neoclásica utilizados para explicar a segregación por razón de xénero se desmontaron nos últimos anos, facendo que as teorías desenvolvidas principalmente pola corrente sociolóxica gañen importancia (Martínez et al., 2017).

Un dos indicadores de segregación laboral máis utilizado é o de Duncan & Duncan, tamén coñecido como Índice de Disimilitude (ID) Este índice permite medir a segregación ocupacional mediante a cuantificación da segregación total (nun contexto de dous grupos mutuamente excluíntes comparando distribucións por ocupacións de cada un deles), e a súa evolución ao longo dun determinado período (Escott e Fernández, 2013; Alonso e Del Río, 2017). Desta forma, mide o nivel de desigualdade da distribución da poboación feminina e masculina nas diferentes ocupacións (Cebrián e Moreno, 2008).

$$ID = \frac{1}{2} X \sum_i \left| \frac{Fi}{F} - \frac{Mi}{M} \right|$$

Sendo:

- Fi o número de mulleres que traballan na ocupación i;
- F o número de mulleres totais empregadas;
- Mi o número de homes que traballan na ocupación i e


- M o número de homes totais empregados.

O índice funciona de forma que se mantén entre os valores 0 e 1, onde $ID = 0$ significa que existe unha distribución completa e idéntica entre mulleres e homes, mentres que a unidade se corresponde coa segregación completa.

A principal desvantaxe que presenta este indicador reside na limitación de que as súas variacións poden ser debidas tanto a cambios na estrutura ocupacional da forza de traballo como a cambios na composición por sexo das ocupacións. Deste xeito, pode dar como resultado que a segregación non muda na medida que o peso das mulleres de cada ocupación non se altera, cando realmente acontece que o número dos traballadores aumenta naquelas ocupacións cun nivel de segregación maior, mentres que a proporción de mulleres en cada ocupación se mantén estable (Amarante e Hawthorn, 2001).

O Índice de Duncan e Duncan presenta na última década unha tendencia decrecente para o caso español, como mostra o gráfico 14. En primeiro lugar, obsérvase unha clara redución deste indicador ata o ano 2013. A partir deste momento a súa evolución caracterízase por aumentos e reducións da segregación por razón de xénero en España. Pola súa banda, o ano 2020 mostra unha redución destacable, presentando un valor de 0,3409, o menor de todo o período analizado. Porén, a estatística da Enquisa de Poboación Activa que ofrece o Instituto Nacional de Estatística advirte de que o tamaño da mostra dos primeiros meses do ano 2020 foi inferior á doutros anos e, por esta razón, os coeficientes de variación das estimacións máis desagregadas poden ser maiores ao habitual. Por último, cabe sinalar que para o ano 2021 o 35% de mulleres traballadoras en España deben mudar de ocupación para que a distribución das mulleres nas diferentes ocupación fóra a mesma que a dos homes.

Gráfico 14: Evolución do Índice de Disimilitude, 2011-2021 desagregación por ocupacións CNO-11 (Número)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE (2022) e Instituto da Muller (2022)

En conclusión, a redución da segregación por razón de xénero no mercado laboral español caracterízase por ser de pequeno tamaño (pasa dun valor do 0,38104 no ano 2011 a un valor do 0,35808 no ano 2021). Asemade, é irregular, posto que non se experimenta unha tendencia decrecente paulatina e constante senón que aínda amosa signos de crecemento.

En definitiva, constátase que existen diferenzas tanto no acceso ao mercado de traballo como aos postos de maior representatividade no caso dos homes e das mulleres. Ademais, prodúcese unha situación de segregación horizontal que se solidifica nunha tendencia á exclusión das mulleres daqueles sectores con maior remuneración salarial sistematicamente.

Para completar esta análise é necesario ampliar o estudo cara un dos factores principalmente causantes desta segregación: a determinación do traballo non remunerado no contexto da persistente alianza capitalismo-patriarcado. Por esta razón o seguinte apartado analiza o traballo non remunerado en España, cuxo eixo principal de discriminación por razón de xénero se constata no desigual grao de corresponsabilidade.

3.3. O traballo non monetizado

“Clamar a favor dunha retribución igual e equitativa sobre a base do sistema salarial é como clamar a favor da liberdade sobre a base do sistema escravista. O que consideramos xusto ou equitativo non ten cabida alí.

O que hai que preguntarse é: que é necesario e inevitable nun sistema de produción dado?

Tras o dito ata aquí, queda claro que o valor da forza de traballo ven determinado polo valor dos bens necesarios para producir, desenvolver, manter e perpetuar dita forza de traballo.” -Marx, 1975.

Na actualidade, a promoción da igualdade de xénero ten como unha das súas estratexias centrais a transformación da división por xénero do traballo, recoñecéndoa como o fundamento da subordinación económica, social e política das mulleres (Aguirre, 2009).

A organización social dos traballos de coidados e o fogar que ocupan na sociedade actual son produto dun longo proceso histórico que comezou a xestarse durante a transición ao capitalismo liberal (Carrasco et al., 2019). As sociedades capitalistas e patriarcais como as actuais outorgan valor unicamente ás actividades que xeran un maior beneficio, e asignan estas actividades como masculinas. Ante esta realidade, a economía feminista racha con este paradigma e antepón ao mercado e ao beneficio a vida das persoas, o seu benestar, as súas condicións de vida: apela á lóxica da vida fronte á lóxica do capital.

Durán (2012) diferencia os termos *traballo* e *emprego*, entendendo que traballo refírese a “ocuparse nunha actividade física ou intelectual”, mentres que emprego é a “actividade á que unha persoa se dedica e pola que cobra un soldo”. Porén, a delimitación real da fronteira entre traballo e emprego non é unha cuestión lingüística, senón que é política.

O traballo non monetizado doméstico é o que se realiza nos fogares para as persoas que residen no fogar. Ademais, o esencial deste traballo e o que o diferencia doutros traballos é que non recibe un pago directo.

Non obstante, tanto o traballo mercantil como o traballo doméstico están intimamente relacionados mediante unha relación dinámica de dependencia entre o proceso de produción e reprodución das mercadorías e o proceso de reprodución da poboación e, en específico, da forza de traballo (Carrasco et al., 2008). Así, o traballo monetizado, xunto coas aportacións do sector público a modo de transferencias e servizos, permite obter bens e servizos no mercado, mais non é suficiente para reproducir ás persoas en termos xeracionais nin para levar a cabo os coidados necesarios en todas as fases do ciclo vital.

Por esta razón, resulta necesario levar a cabo traballos de coidados que manteñan persoas saudables, con estabilidade emocional e sociables que permitan que a vida continúe.

Ademais, o traballo monetizado garante, desde a perspectiva económica, a reprodución da forza de traballo necesaria para que os procesos de produción capitalista sigan funcionando. Neste sentido, a produción capitalista despraza os custos cara á esfera doméstica, custos que asumen a forma de traballos de coidados realizados maioritariamente por mulleres. Isto significa que as empresas capitalistas pagan unha forza de traballo moi por debaixo do seu custo (Carrasco et al., 2008).

O traballo non remunerado nos fogares foi interpretado tradicionalmente como unha obriga na que o suxeito debe someterse en función da súa pertenza social a un colectivo socialmente construído por criterios de xénero. É dicir, esta participación desigual no traballo de coidados entre homes e mulleres forma parte dunha tradición de división por xénero do traballo que cobra un novo sentido nas sociedades actuais nas que a autonomía individual está directamente vinculada á posibilidade de obtención de rendas laborais (Aguirre, 2009; Durán, 2012).

Destacan principalmente tres aspectos relevantes que dan sentido á idea do traballo de coidados. En primeiro lugar, salienta que unicamente a partir dos coidados básicos os seres humanos chegan a se converter en persoas relativamente autónomas capaces de interactuar no mundo común máis amplo da sociedade humana. En segundo lugar, o feito de que o traballo de coidados sexa, en grande medida, levado a cabo por mulleres, permite liberar aos homes adultos desa responsabilidade, facilitándolles o aceso e participación no mundo

público con liberdade de tempo e acción. En terceiro lugar, o traballo de coidados enténdese como unha actividade que se define a partir da relación que implica, é dicir, cando parte do traballo sae fóra do fogar e comeza a producir para o mercado perde a súa categoría orixinal, desvalorízase e desvirtúase ao eliminar a relación humana que levaba incorporada (Carrasco et al., 2008).

Desde finais do século XVIII, segundo expresan Carrasco et al. (2019), o pensamento económico, ao asociar progresivamente o traballo ao mercado e ao salario, contribuíu de maneira moi decisiva á desvalorización económica do traballo doméstico, obrigando ás mulleres a manter unha posición “dependente” de un “gañador-de-pan”. Na actualidade, cada vez se restrinxe en maior medida o soporte social á idea de que as mulleres deben prestar o seu tempo a súa vida ao coidado das súas familias. Cada vez é máis frecuente o rexeitamento ao coidado como unha obriga natural e moral que afecta soamente ás mulleres e, ademais, amplíase a súa consideración como unha expropiación colectiva que se produce á marxe dos fogares, mais ten dentro deles a súa expresión concreta, a súa materialización diaria (Durán, 2012).

A incorporación deste traballo como parte fundamental do circuíto macroeconómico permitiu ampliar a renda tanto na súa dimensión cuantitativa como cualitativa. Os esquemas desenvolvidos integran a economía do coidado nos modelos económicos, mostrando a súa contribución fundamental ao mantemento das condicións de vida da poboación. O coidado non se agrega como un elemento máis do proceso, senón que representa un cambio radical de perspectiva que fai máis visible a dependencia do sistema mercantil respecto da economía de coidado (Carrasco et al., 2019).

Deste xeito, nesta nova perspectiva inclúese a economía do coidado como aspecto relevante da reprodución social. O obxectivo principal desta proposta é facer visible a relación mutua entre os diferentes procesos, institucións, mercados, suxeitos sociais e relacións persoais que interveñen na reprodución social e para as que os coidados non son alleos.

Pola súa banda, a reprodución social ocupa un lugar central para a análise do mercado laboral dado que determina a posición das persoas dentro do mercado, constitúe o fundamento dos niveis de vida, e estrutura as relacións entre as clases e a distribución do produto (Carrasco et al., 2019). Así, o enfoque

da reprodución social renega da separación entre o ámbito mercantil e o doméstico que emana durante os procesos de industrialización que configuran unha nova división do traballo por xénero e novas formas patriarcais de relación e de poder.

En conclusión, a visibilidade do traballo doméstico e de coidados e a súa incorporación aos desenvolvementos macroeconómicos permite facer explícita a súa estreita relación co produto social, ademais de facer máis transparentes as formas de distribución da renda, a riqueza e o tempo de traballo.

O estudo das características do mercado laboral español no referido á desigual carga de traballo non monetizado está sendo estudado por autoras e autores, entre os que se destacan para a elaboración deste traballo as seguintes que se recollen na táboa 4.

Táboa 4: Síntese da revisión de literatura sobre o traballo non monetizado

Autoría	Ano	Ámbito espacial e temporal	Metodoloxía	Resultados
Durán, María Ángeles	2000	España y Madrid (1998)	Enquisa do CIREs sobre usos do Tempo Enquisa CESIC sobre Traballo Non Remunerado	Recae unha maior responsabilidade dos traballos de coidados sobre as mulleres (69%). Menor incorporación ao Traballo Remunerado
García, Cristina	2002	España, Cataluña y País Vasco (1998-2001)	Análise da distribución da carga global de traballo por xénero (Durán, 2000)	O proceso de valoración económica do Traballo Non Remunerado como causante de efectos perversos na consideración do emprego situado á marxe do mercado
Sanchís, Eric	2005	España (1986-2003)	Estudo do traballo irregular e da economía oculta e somerxida en España mediante datos do INE	Necesidade de articular estratexias de conciliación da vida laboral e familiar nun contexto no que existen traballos que “quedan á marxe” do mercado e da burocratización
Aguirre, Rosario	2009	Uruguay (1990-2005)	Módulo do Uso do Tempo e Traballo Non Remunerado Enquisa Continua de Fogares (INE)	Menor dedicación horaria das mulleres ao traballo para o mercado e menores tempos de desprazamento vinculado á necesidade de facer compatible o emprego coas responsabilidades familiares

Autoría	Ano	Ámbito espacial e temporal	Metodoloxía	Resultados
Durán, María Ángeles	2012	España (1980-2010)	Enquisa de Condicións de Vida (INE) Enquisa de Tempos de Coidado (CESIC)	Ausencia de consideración do traballo non monetizado realizado nos fogares como inversión en capital humano Tendencia a recaer en maior medida as responsabilidades do traballo de coidado sobre as mulleres
Carrasco, Cristina; Borderías, Cristina; Torns, Teresa	2019	España (Evolución histórica)	Análise económica-histórica das relacións de xénero nos ámbitos de mercado e familia Estudo do proceso de reprodución social da forza de traballo	Existencia dun mecanismo social, económico e político que fai recaer sobre as mulleres, de maneira sistemática, o traballo de coidados non monetizado e da reprodución social da forza de traballo

Fonte: Elaboración propia

A Enquisa de Emprego do Tempo (EET) ofrecida polo INE marcou un punto de inflexión no intento de facer visible o traballo realizado polas mulleres no fogar e contribuíu a pór de manifesto as desigualdades de xénero en relación ao traballo. Porén, presentan as seguintes limitacións:

- Unicamente ofrece información cuantitativa, convertendo o tempo nun elemento homoxéneo, máis propio da produción mercantil.
- Non recollen os coidados das persoas adultas con saúde, dado que non se ten en conta que constitúen parte dos coidados.
- Os traballos de coidados desaparecen en relación á idade das cativas e cativos e o seu grao de necesidade de coidados específicos.

A pesar de presentar limitacións, tamén existen algunhas vantaxes fronte á valorización monetaria: en primeiro lugar, o estudo das desigualdades entre homes e mulleres no ámbito do traballo non monetizado non require expresións en valor monetario; en segundo lugar, a información sobre o uso do tempo permite construír indicadores para analizar as consecuencias no traballo de coidados de cambios demográficos ou no comportamento dos fogares; e, en terceiro lugar, as medicións de tempo son variables reais, non imputadas.

A continuación amósase a duración media diaria dedicada ás tarefas principais por homes e mulleres en España no ano 2010, medido en horas (Táboa 5).

Táboa 5: Duración Media Diaria das actividades principais, desagregación por xénero 2010 (Horas)

Actividades principais	Duración Media Diaria Homes	Duración Media Diaria Mulleres
Coidados persoais	11:33	11:26
Traballo remunerado	7:55	6:43
Estudos	5:13	5:05
Fogar e familia	2:32	4:29
Traballo voluntario	2:10	1:51
Vida social e diversión	1:54	1:43
Deportes e actividades ao aire libre	2:03	1:40
Afeccións e informática	2:05	1:38
Medios de comunicación	3:06	2:49
Traxectos e emprego do tempo non especificado	1:25	1:21

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EET, INE (2022)

A primeira conclusión que se extrae é que existe unha ocupación do tempo moi diferente entre homes e mulleres, por termo medio. Dentro desta clasificación destaca sobre todo o inequitativo tempo asignado ao traballo remunerado, ao fogar e á familia e aos deportes e actividades ao aire libre. Así, os homes destinan de media unha hora e dez minutos máis ao traballo remunerado, alcanzando un valor de case oito horas, mentres que as mulleres se sitúan en 6:43 horas. Ademais, o tempo dedicado polos homes a actividades de estudos, traballo voluntariado, vida social e diversión, afeccións e informática e medios de comunicación tamén é maior. Ademais, esta utilización desigual das horas compénsase no cómputo diario ao incorporar ao cálculo o traballo do fogar e familia, onde as mulleres superan en dúas horas de media aos homes, situándose a distribución nas 4:29 horas diarias no caso das mulleres e en 2:32 horas diarias por parte dos homes. Por último, tamén é destacable a distinción no tempo empregado en deportes e actividades ao aire libre, ás que os homes destinan un maior tempo medio diario que as mulleres (2:03 horas e 1:40 horas respectivamente). De xeito engadido, cabe analizar máis en detalle a que se

destinan as horas dedicadas ao fogar e á familia, sendo esta a partida que presenta un comportamento máis desigual entre homes e mulleres (Táboa 6).

Táboa 6: Duración Media Diaria das actividades recollidas no traballo no fogar, desagregación por xénero 2010 (Horas)

Actividades	Duración Media Diaria Homes	Duración Media Diaria Mulleres
Fogar e familia	2:32	4:29
Actividades para o fogar e familia non especificadas	1:22	1:37
Actividades culinarias	0:55	1:44
Mantemento do fogar	0:53	1:17
Confección e coidado da roupa	0:35	1:08
Xardinería e coidado dos animais	1:54	1:08
Construción e reparacións	1:52	1:22
Compras e servizos	1:04	1:07
Xestións do fogar	0:57	0:46
Coidado das crianzas	1:46	2:22
Axuda a persoas maiores no fogar	1:41	1:40

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EET, INE (2022)

Deste xeito constátase que as actividades culinarias recaen principalmente sobre as mulleres, quen destinan de media 1:44 horas, mentres que os homes dedican case unha hora menos, 0:55 horas. Ademais, destaca o maior peso que teñen as mulleres na realización do traballo de confección e coidado da roupa, onde a diferenza é de máis de media hora diaria. Por último, destaca a desigual participación no coidado das crianzas dos homes e das mulleres, sendo estas últimas quen destinan un maior tempo medio ao día (2:22 horas) na comparativa cos homes (1:46). Pola súa banda, os homes destinan máis horas que as mulleres por termo medio ás tarefas de xardinería e coidado dos animais, así como á construción e reparacións.

En definitiva, a división patriarcal da sociedade impuxo ás mulleres a responsabilidade de crear condicións básicas para a existencia humana. Así, a división entre o masculino/público e o feminino/privado significa que a sociedade pública baséase nos intereses e experiencias do “Home” que deixa atrás, no ámbito da vida doméstica, as necesidades asociadas ao seu ciclo de vida e outras necesidades corporais e de coidados (Carrasco et al., 2019).

O mercado laboral español é inequitativo en relación á posición que ocupan as mulleres no mesmo: a taxa de actividade feminina alcanza un valor do 53,83%; a taxa de ocupación feminina toma o valor de 44,38%; e a porcentaxe de mulleres desempregadas é do 18,3% (datos do 2021 segundo a EPA, INE, 2022). Pola contra, os homes alcanzan unhas maiores taxas de actividade e ocupación para o mesmo ano (63,59% e 55,15% respectivamente), así como unha taxa de desemprego do 14,07% (EPA, INE, 2022; Instituto da Muller, 2022).

Deste xeito, obsérvase a correlación existente entre a segregación laboral por razón de xénero, que establece unhas categorías de traballo para homes e mulleres e a desigual participación do traballo monetizado e non monetizado, nun contexto onde é necesaria a elaboración de políticas activas de corresponsabilidade. Emanan, a consecuencia da dialéctica conflitiva entre o acceso ao mercado laboral e responsabilidade cultural e social de reprodución que recae nas mulleres, unha discusión sobre as razóns para o nacemento destas disparidades: é unha cuestión de diferenza ou é unha cuestión de discriminación?

3.4. Diferenza ou discriminación?

As teorías neoclásicas da segregación laboral establecen a existencia de diferenzas demostrables entre homes e mulleres. Así, a disparidade na participación do emprego non supón un trato discriminatorio, senón que é resultado do devir natural do mercado de traballo. Estes postulados parten das diversas preferencias que teñen homes e mulleres na escolla do sector de emprego. Ademais das preferencias, as diferenzas biolóxicas (como a forza, ou as capacidades físicas e intelectuais) son outro dos piares nos que sustentan as súas teorías.

Porén, o factor neoclásico que se estableceu como eixo do debate foron as diferenzas en produtividade que, baixo o menor rendemento supostamente presentado polas mulleres, se mantiña unha preferencia de contratación dos homes fronte ás mulleres. Así e todo, quedaba “xustificada” en termos de preferencias, diferenzas biolóxicas e produtividade a segregación laboral por razón de xénero. Non obstante, na actualidade existen teorías (como os

postulados feministas) que renegan da idea da diferenciación e establecen a existencia dun desigual acceso ao mercado de traballo entre homes e mulleres.

Hai que entender que esta división do traballo é o resultado dos privilexios adquiridos e desfrutados polos homes, dos que tenderon a estar excluídas as mulleres, tendo en conta que a discriminación das mulleres e os privilexios dos homes son moi anteriores á aparición histórica do mercado de traballo (Sarasúa e Galvez, 2003).

Neste contexto, as expresións neoliberais propoñen que o acceso desigual aos empregos susténtase nunha distinta preferencia de estudos, formación, traballos... das mulleres fronte os homes. Agora ben, pódese manter unha preferencia firme ante a obriga de escolla de traballos máis adaptables aos coidados e ás responsabilidades no fogar que recaen, de maneira sistemática, sobre as mulleres.

Como resultado de manter a reprodución da forza de traballo, as mulleres tenden a ser segregadas cara postos de traballo cun maior grao de temporalidade e un menor número de horas semanais (emprego a tempo parcial) que lles permita compatibilizar o traballo dos coidados co traballo monetizado. Ademais, son as mulleres quen, polo tipo de emprego que manteñen, reciben un menor salario; mais tamén polo tipo de sector no que traballan, dado que se demostra que aqueles sectores que se caracterizan por unha participación feminina maior son os mesmos que presentan un menor salario por termo medio.

O efecto principal de percibir un menor salario reflíctese nas maiores taxas de pobreza e de exclusión social que recaen sobre as mulleres, nun contexto, como é o español, no que o grao de formación e preparación das mulleres é tan amplo como o dos homes, mais cunha menor acumulación de experiencia froito da dificultade no acceso ao traballo.

Neste sentido, Sarasúa e Galvez (2003) manteñen que a discriminación salarial e a segregación ocupacional, que se reforzan mutuamente, son responsables do maior risco para as mulleres de vivir na pobreza. Así, as mulleres ocupan un lugar subordinado que non se corresponde coa súa contribución á produción: traballan máis que os homes, mais son máis pobres, teñen menos dereitos e viven peor que eles. Deste xeito, mantense a idea dun

capitalismo expropiador da forza de traballo das mulleres considerando unicamente como traballo aquel que é monetizado e deixando de lado o traballo dos coidados. Isto significa deixar fóra da análise a esfera privada (asociada ás mulleres) e fomentar a esfera pública (asociada aos homes).

4. CONCLUSIÓNS

O estudo realizado sobre as desigualdades por razón de xénero no mercado de traballo español nas últimas décadas amosa como resultado máis relevante que as ineficiencias laborais (segregación laboral e concentración das tarefas de reprodución das mulleres) seguen en aumento nun contexto no que as taxas de pobreza e exclusión social se incrementaron.

En primeiro lugar, a distribución dos ingresos en España é desigual; tanto é así que a renda do 10% da poboación con maiores ingresos multiplica por 5,8 a renda do 10% da poboación con menores rendas.

En segundo lugar, a taxa de risco de pobreza e exclusión social alcanza resultados máis elevados no caso das mulleres que no caso dos homes (27,2% e 25,7% respectivamente). De xeito engadido, son as mulleres quen presentan unha Privación Material Severa máis elevada en seis dos sete aspectos principais da pobreza.

Pola súa banda, no referido ás taxas de actividade e ocupación, estas amósanse máis elevadas no caso dos homes que no caso das mulleres en practicamente todos os anos do período 1996-2021. Porén, a taxa de desemprego caracterízase por presentar maiores números no caso das mulleres no mesmo período.

En terceiro lugar, as desigualdades no mercado laboral, estudadas mediante os indicadores de participación, representación e concentración, sinalan as ineficiencias do mercado laboral español para o ano 2021. Así, apréciase unha segregación das mulleres aos sectores de coidados e servizos administrativos, que se caracterizan por presentar salarios máis baixos: 14.981,95€ de ganancia

anual media no caso das mulleres para o ano 2019 fronte 18.154,80€ de ganancia media anual dos homes para o mesmo ano e no mesmo sector.

Para a análise da segregación tivéronse en conta os indicadores de desigualdade e o Índice de Disimilitude. Os resultados dos cálculos, para o caso español no período 2011-2021, poñen de manifesto un aumento da segregación por razón de xénero no mercado de traballo.

Por último, no referido ao traballo non monetizado, existe unha ocupación do tempo moi diferente entre homes e mulleres por termo medio. As mulleres destinan de media 4:29h diarias aos traballos de coidados mentres que os homes o fan en 2:32h de media. A maiores preséntase unha distribución do tempo de deportes e actividades ao aire libre inequitativa.

As principais limitacións atopadas durante a realización deste traballo foron, por unha banda, a dificultade no acceso aos datos desagregados por xénero a nivel rexional, así como a falta de harmonización das bases de datos de distintos niveis territoriais. Por outra banda, cabe salienta a baixa accesibilidade a traballos empíricos e cuantitativos dos temas analizados.

Unha posible ampliación desta investigación é a análise comparativa da situación dos mercados laborais dos países europeos dende a perspectiva de xénero, así como un estudo das políticas sociais e laborais levadas a cabo nestes países.

BIBLIOGRAFÍA

- Aguirre, R. (. (2009). Uso del tiempo y desigualdades de género en el trabajo no remunerado . En R. Aguirre, *Las bases invisibles del bienestar social. El trabajo no remunerado en Uruguay* (pp. 23-86). Montevideo: Doble Clic.
- Akerlof, G., & Kranton, R. (2000). Economía e Identidad. *The Quarterly Journal of Economics*, 115 (3) 715-753.
- Aldaz, L., & Eguía, B. (2016). Segregación laboral por género en España y en el País Vasco. Un análisis de cohortes. *Estudios de Economía Aplicada Vol.34 Núm. 1*, 133-153.
- Alonso, O., & del Río, C. (2007). *Diferencias entre mujeres y hombres en el mercado de trabajo: desempleo y salarios*. Obtido de Documentos de Trabajo del Departamento de Economía Aplicada- Universidad de Vigo n2: <http://www.uvigo.gal>
- Alonso, O., & Del Río, C. (2017). Segregación ocupacional por razón de género y estatus migratorio en España y sus consecuencias en términos de bienestar. *Ekonomiaz: Revista Vasca de Economía*, (91), 124-163.
- Amarante, V., & Hawthorn, A. (2001). *La evolución de la segregación laboral por sexo en Uruguay (1986-1999)*. Obtido de Serie Documentos de Trabajo/ FCEA-IE DT03/01 .
- Anker, R. (1997). Segregación profesional entre hombres y mujeres . *Revista Internacional del Trabajo* , 16 (3) 343-370.
- Antón, A. (2013). La desigualdad social. *Ponencia (revisada) presentada en las X Jornadas de Pensamiento Crítico*.
- Ayala, L. (2014). *Desigualdad y pobreza en España en el largo plazo. La continuidad de un modelo*. Madrid: Fundación Foessa.
- Becker, G. (1957). La economía de la discriminación. *The University of Chicago Press*.
- Benach, J., & Amable, M. (2004). Las clases sociales y la pobreza. *Gaceta Sanitaria* , 18(4), 16-23.

- Bergmann, B. (1989). ¿Necesita arreglarse el mercado de trabajo de las mujeres? *Revista de Perspectivas Económicas*, 3 (1) 43-60.
- Bettio, F. (2002). The Pros and Cons of Occupational Gender Segregation in Europe. *Canadian Public Policy, Analyse de Politiques*, 66-84.
- Blau, F., & Khan, L. (2000). *Economía de la mujer, el hombre y el trabajo. 6th ed. Upper Saddle River, NJ: Pearson/Prentice-Hall.*
- Cano, T. (2017). El tiempo y la desigualdad en la dinámica laboral y familiar . *Revista Internacional de Sociología* , 75 (1) e056.
- Cantó, O., Del Rio, C., & Grandín, C. (2006). A discriminación da muller no mercado de traballo e os seus efectos sobre a pobreza. *Revista da Escola Galega de Administración Pública* , 31-56.
- Carrasco, C. (2008). *Con voz propia: La economía feminista como apuesta teórica y política.* Madrid: Colección Viento Sur.
- Carrasco, C., Borderías, C., & Torns, T. (2019). *El trabajo de cuidados: Historia, teoría y políticas.* Madrid: Los Libros de la Catarata.
- Castaño, C., Iglesias, C., Mañas, E., & Sánchez-Herrero, M. (1999). *Diferencia o discriminación: La situación de las mujeres españolas en el mercado de trabajo y el impacto de las tecnologías de la información.* Madrid: Consejo Económico Social .
- Cebrián, I., & Moreno, G. (2008). La situación de la mujer en el mercado laboral español: desajustes y retos. *Economía Industrial*, (367) (121-137).
- De Elena, J. (2004). *Desigualdad Social y Relaciones de Trabajo* . Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca .
- Domínguez, M. (2010). *Género y bienestar: una propuesta de medición.* Madrid: Entimena.
- Duncan, O., & Duncan, B. (1955). Un análisis metodológico de las tasas de segregación. *Revista sociológica americana* , 20 (2) 210-217.
- Durán, M. Á. (2000). Uso del tiempo y trabajo no remunerado. *Revista de Ciencias Sociales nº18*, 56-70.

- Durán, M. Á. (2009). *Tiempo de vida y tiempo de trabajo*. Bilbao: Fundación BBVA.
- Durán, M. Á. (2012). *El trabajo no remunerado en la economía global*. Bilbao: Fundación BBVA.
- Durán, M. Á., & Rogero García, J. (2009). *La investigación sobre el uso del tiempo*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- EAPN-ES. (2021). *El estado de la pobreza. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social 2008-2020*. Madrid: EAPN.
- Escott, L., & Fernández, J. (2013). *Análisis de algunas de las causas últimas de la desigualdad de género en el mercado laboral. Implicaciones para las políticas de empleo*. Obtido de Panorama Laboral 2013. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- Gálvez, L., & Torres, J. (2010). *Desiguales: Mujeres y hombres en la crisis económica*. Barcelona: Icaria Editorial.
- García, C. (2002). Trabajo no remunerado versus marcantirización. Hacia un reparto de responsabilidades entre hogar, mercado y Estado . *Revista Española de Sociología* , 139-149.
- Gutierrez, R., & García, I. (2010). Empleo y pobreza en España . *Panorama Social* , 12, 29-40.
- INE. (2008-2020). *Encuesta de Calidad de Vida*.
- INE. (2010). *Encuesta de Empleo del Tiempo*.
- INE. (1996-2021). *Encuesta de Población Activa*.
- Información Estadística Sobre Desigualdad Social (1993). *Simposio (I): Sobre Igualdad y Distribución de la Renta y la Riqueza* . Fundación Argentaria .
- Katzkowicz, S., & Martina, Q. (2013). *Evolución de la segregación ocupacional y su impacto en las brechas salariales de género*. Obtido de Documento de trabajo del Instituto de Economía- IECON (Nº 13-01).
- Martínez, M., Martínez, C., Perea, P., & Ramírez, N. (2019). Análisis de la segregación ocupacional por género en España y la Unión Europea

- (2002-2017). *Prisma Social: Revista de Investigación Social* , (26) (159-182).
- Martínez, M., Martínez, C., Perea, P., & Ramírez, N. (2019). El empleo de las mujeres y las familias en los regímenes de bienestar del sur de Europa en perspectiva comparada. *Prisma Social: Revista de Investigación Social* , (26) 159-189.
- Martínez, P. (1995). Análisis empírico de la discriminación salarial de las mujeres en España. *Investigación Económica*, 19 (2) (195-215).
- Ministerio de Igualdad. (2008-2020). *Instituto de la Mujer*. Madrid: Ministerio de Igualdad.
- Montaño, S., & Milosavljevic, V. (2010). *La crisis económica y financiera: su impacto sobre la pobreza, el trabajo y el tiempo de las mujeres*. Santiago de Chile : Publicación de las Naciones Unidas.
- Moore, B. (2005). *Principios de desigualdad social y otros ensayos* . Barcelona : Editorial Hacer .
- OPS. (2008). *La economía invisible y las desigualdades de género. La importancia de medir y valorar el trabajo no remunerado*. Washington, D.C: Organización Panamericana de la Salud .
- Parada, C. (2016). Empleo femenino, pobreza y desigualdad. Un análisis de microdescomposiciones Uruguay (1991-2012). *El trimestre Económico*, 83(330), 371-404.
- Pedreño, M. (2010). El estudio de la pobreza y la exclusión social. Aproximación cuantitativa y cualitativa. *Revista interuniversitaria de formación del profesorado* 24(3), 25-46.
- Phelps, E. (1972). La teoría estadística del racismo y el sexismo. *The American Economic Review* , 62 (4) 659-661.
- Reskin, B. (2000). Las causas próximas de la discriminación laboral . *Sociología Contemporánea* , 29 (2) 319-328.
- Sanchís, E. (2005). Trabajo no remunerado y trabajo negro en España . *Revista de Sociología*, nº 75, 85-116.

- Sarasúa, C., & Gálvez, L. (2003). *¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en los mercados de trabajo*. Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante .
- Sarrible, G. (1991). *Población y Desigualdad Social*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, S.A.
- Scott, L. (2021). *La economía doble X: El extraordinario potencial de contar con las mujeres*. Barcelona : Ediciones Temas de hoy .
- Srinivasan, S., & Rodríguez, A. (2016). *Pobreza y desigualdades rurales: Perspectivas de género, juventud y mercado de trabajo*. Santiago de Chile : Publicación de las Naciones Unidas.
- Tobío, M. C. (2012). Cuidado e identidad de género: De madres trabajadoras a hombres cuidadores. *Revista Internacional de Sociología*, 70 (2) 399-422.
- Tomaskowic, D., & Stainback, K. (2007). Discrimination and desegregation: Equal opportunity progress in U.S. private sector workplaces since the civil rights act. *Annals of the American Academy of Political and Social Science*, 609 49-84.
- Valenzuela, M. E. (2003). *Mujeres, pobreza y mercado de trabajo. Argentina y Paraguay* . Santiago de Chile: OIT.